

# NÚMEROS – CORES

Textos de ANTONIO RUBIO

Ilustracións de LEO LIONNI

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Cartón duro a toda cor. 16 x 16 cm. 6 €/unidade.

-Galego:

**Números:** 14 páx. ISBN 978-84-8464-844-4.

**Cores:** 14 páx. ISBN 978-84-8464-845-1.

-Castelán:

**Números:** 14 páx. ISBN 978-84-92608-78-2.

**Colores:** 14 páx. ISBN 978-84-92608-79-9.

-Portugués:

**Números:** 14 páx. ISBN 978-989-749-018-7.

**Cores:** 14 páx. ISBN 978-989-749-017-0.

*UN RATIÑO SÓ É ALGO CHORÓN.  
SE DOUS ESTÁN XUNTOS É MOITO MELLOR...*  
[Fragmento de “Números”]


*DESDE O RABO ATA O FOCIÑO  
VISTEN DE AZUL TRES RATIÑOS...*  
[Fragmento de “Cores”]

“Números” e “Cores” súmanse á serie que integran “Cando?”, “Onde?”, “Que é?” e “Quen é?”, protagonizada por Frederick, o entrañable personaxe creado por Leo Lionni. Nestes dous títulos, o poeta Antonio Rubio acompaña as ilustracións do artista con sinxelos textos rimados para pre-lectores, tecendo unha historia que fía as sucesivas escenas.

No caso de “Números”, os versos seguen a suma progresiva de personaxes e cifras ata completar, do 1 ao 10, un pequeno abano de situacións cotiás: amizade, xogos, lelicia...

En “Cores”, os ratiños tinguense de azul, amarelo, verde, vermello ou gris, asociando esas transformacións a distintos elementos ou estados de ánimo.

Transcorreron tres décadas dende a creación destas obras e os collages de Leo Lionni seguen sorprendendo pola súa frescura, a coidada composición a base de distintas texturas de papel, a expresividade e a empatía que lles transmiten aos lectores..



- **Temática:** poemas sobre números e cores.
- **Idade recomendada:** de 0 a 3 anos; pre-lectores.
- **Aspectos destacables:** textos en maiúscula; rima; do autor de “Frederick”, “A casa máis grande do mundo”, “Nadarín”, “Pequeno Azul e Pequeno Amarelo”, “O soño de Matías” e a serie “Frederick” (KALANDRAKA); do autor da colección “Do berce á lúa”, “A merliña”, “O poliño da abeleira”, “Almanaque musical” e “7 Llaves de cuento” (KALANDRAKA).

## Leo Lionni

(Amsterdam, 1910 - Toscana, 1999)

Doutorouse en Economía e, ao instalarse en Milán en 1931, entrou en contacto co deseño gráfico. Trasladouse oito anos despois a América, onde traballou nunha axencia de publicidade, na Corporación Olivetti e na revista Fortune. Como artista, as súas obras exhibíanse en galerías de Estados Unidos e Xapón. En 1959 publicou o seu primeiro libro infantil, “Pequeno Azul e Pequeno Amarelo”, ao que lle seguiron máis de 40 títulos aclamados en todo o mundo pola crítica especializada. Escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

## Antonio Rubio

(El Puento del Arzobispo, Toledo, 1953)

Mestre durante 40 anos e poeta que, ao seu labor docente e ás actividades en bibliotecas escolares, suma a paixón por ler e escribir. Participa en cursos de animación lectora e de formación do profesorado. Dirixe a colección de poesía *Trece Lúas* do selo FAKTORÍA K. É autor de numerosos libros, entre os que destacan “A merliña”, “O poliño da abeleira”, “Almanaque musical”, a colección *Do berce á lúa* e “7 Llaves de cuento” (KALANDRAKA).



www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com